



“PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA”

VERSIÓN 05/10/2021

O Plan de Continxencia do CEIP Mestre Manuel García ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, colocarásele unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia ou titores legais, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médicasexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de Coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora** do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos que existan dentro do centro e identificaraos, enviando a listaxe de contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados e do profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
- 5 **A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio**, **deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dun test diagnóstico**.

6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas**, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación** das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. Nesta fase aplicaranse os horarios espello no caso de 3º a 6º de primaria e no resto de niveis educativos organizarase un horario de conexión máis laxo, adaptado á idade do alumnado.

12. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Neste senso, sinalar que **o centro dispón de 5 equipos con conexión a internet** para paliar os problemas de equipamento e conexión por parte do alumnado.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

a) **Manter o contacto permanente co alumnado (telefónico e / ou videochamada)** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.

b) **Empregar a aula virtual (Ed. Infantil, 1º a 4º de primaria)** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.)

c) **Empregar a plataforma EVA / E-Dixgal nos cursos de 5º e 6º.**

d) Prestarase especial atención á **coordinación do profesorado** do mesmo nivel e / ou ciclo, a fin de optimizar a planificación da actividade lectiva non presencial. Reforzarase a comunicación telemática entre o profesorado, priorizando as canles corporativas sempre que se poida.

- e) Revisar as **dificultades de acceso das familias aos recursos dixitais**: acceso a internet e / ou falta de equipamento. Recolleranse tamén as dificultades de acceso á internet que teña o profesorado do centro.
- f) **Departamento de Orientación** velará pola atención ás necesidades de todo o alumnado, tanto educativas como sociais e emocionais. **Prestarase especial atención ao ANEAE e ANEE**, así como ás súas familias.
- g) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.
- h) **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Unha vez que o alumno/a ou grupo de alumnos/as finalice o período de corentena ou supere a enfermidade, incorporase a actividade lectiva presencial con total normalidade.

16. Nas dúas primeiras xornadas posteriores á reincorporación realizaranse actividades de concienciación e lembranza das normas, así como propostas para comprobar o impacto da docencia telemática, revisando tarefas e repasando contidos/proxectos.

ANEXO I: MEDIDAS COVID POR CURSO



CURSO:4º EDUCACIÓN INFANTIL

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

Proporanse actividades relacionadas coa liña de traballo da aula a través da aula virtual do centro.

As actividades propostas serán sempre opcionais.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

Medios que se van a empregar:

Ao longo da semana, durante o tempo que dure o confinamento, propoñeranse actividades variadas por medio da aula virtual do centro.

As actividades propostas serán sempre opcionais.

FALTA 5º EDUCACIÓN INFANTIL



CURSO: 5º EDUCACIÓN INFANTIL

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

No caso de ter algún alumno ou alumna en corentena ofrecereille unha lista de actividades, OPCIONAIS, que estarán colgadas na aula virtual, para que poidan facer na casa, sempre tendo en conta os recursos materiais que as familias teñan ao seu alcance. O medio de comunicación entre as familias e a profe será o clasdojo.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

Medios que se van a empregar:

No caso de que o grupo enteiro se atope en corentena, ofrecereille unha serie de actividades máis concretas e adaptadas a situación e aos recursos dispoñibles polas familias. Estarán colgadas na aula virtual, e serán sempre opcionais, estarei en contacto directo coas familias mediante o clasdojo.



CURSO: 6º EDUCACIÓN INFANTIL

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

No caso de ter algún alumno ou alumna en corentena ofrecereille unha lista de actividades, OPCIONAIS, que estarán colgadas na aula virtual, para que poidan facer na casa, sempre tendo en conta os recursos materiais que as familias teñan ao seu alcance. O medio de comunicación entre as familias e a profe será o clasdojo.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

Medios que se van a empregar:

No caso de que o grupo enteiro se atope en corentena, ofrecereille unha serie de actividades máis concretas e adaptadas a situación e aos recursos dispoñibles polas familias. Estarán colgadas na aula virtual, e serán sempre opcionais, estarei en contacto directo coas familias mediante o clasdojo.



CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

No caso de ter algunha alumna/o en corentena ofreceráselle unha serie de actividades a través da aula virtual para que poida seguir o ritmo do resto do grupo/aula desde o seu fogar, tendo sempre en conta os recursos e a situación familiar.

A comunicación coas familias será mediante o ABALAR e no caso de ser necesario farase unha titoría telefónica para calquera dúbida/ aclaración.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

Medios que se van a empregar:

No caso de que o grupo enteiro se atope en corentena, propoñeranse actividades na aula virtual (tarefas coñecidas polo alumnado nas que poidan ter certa autonomía) e ofrecerase a posibilidade de realizar algunha videoconferencia puntual en horario lectivo en función da dispoñibilidade e posibilidade das familias para realizala (faríanse en grupos de 4-5 alumnas/os).

A comunicación coas familias será mediante ABALAR coa posibilidade de facer titoría telefónica se así se considerara necesario.

CURSO:2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

Ofrecerase mediante a **aula virtual** unha serie de tarefas que poderá realizar dende a casa, sempre tendo en conta os recursos materiais que as familias teñan ao seu alcance. O medio de comunicación entre as familias e a mestra será abalar ou chamadas telefónicas.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

Medios que se van a empregar:

Ofrecerase mediante a **aula virtual** unha serie de tarefas que o alumnado poderá realizar dende a casa, sempre tendo en conta os recursos materiais que as familias teñan ao seu alcance. O medio de comunicación entre as familias e a mestra será abalar ou chamadas telefónicas.

CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

Contacto directo por videochamada co alumno/a e uso da aula virtual.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

Medios que se van a empregar:

Uso da aula virtual e comunicación directa coas familias.

Horarios de conexión telemática:

Horario TELEMÁTICO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<i>Xornada completa</i>	Grupos reducidos con traballo globalizado e flexibilidade en función das diferentes demandas	Grupos reducidos con traballo globalizado e flexibilidade en función das diferentes demandas	Grupos reducidos con traballo globalizado e flexibilidade en función das diferentes demandas	Grupos reducidos con traballo globalizado e flexibilidade en función das diferentes demandas	Grupos reducidos con traballo globalizado e flexibilidade en función das diferentes demandas

- Informarase ás familias dos horarios de conexión e medios usados.
- Realizarase un control da asistencia telemática.
- Atenderase á diversidade e necesidades do alumnado con NEE.
- Realizarase un rexistro das actividades realizadas telematicamente.

CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

- Abalar móbil:

Empregarase para manter unha comunicación coas familias e resolveranse as dúbidas que poidan xurdir durante o proceso de E-A. Ademais transmitiránselle as tarefas a realizar de xeito diario.

- Aula virtual:

Será o medio empregado para continuar co proceso de ensino e aprendizaxe. Nela subiranse vídeos explicativos dos contidos traballados na aula e reflectiranse as tarefas que debe efectuar o alumno/a. Cabe sinalar que as entregas efectuaranse por este medio.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

Medios que se van a empregar:

- Abalar móbil:

Empregarase para manter unha comunicación coas familias e resolveranse as dúbidas que poidan xurdir durante o proceso de E-A.

- Aula virtual:

Será o medio empregado para continuar co proceso de ensino e aprendizaxe. Nela subiranse vídeos explicativos dos contidos traballados na aula e reflectiranse as tarefas que debe efectuar o alumno/a. Cabe sinalar que as entregas efectuaranse por este medio.

- Aplicación Cisco Webex Meetings:

A través da presente aplicación efectuaranse explicacións, resolución de problemas, postas en común así como todas as actividades determinadas polo equipo docente coa finalidade de favorecer o proceso de E-A.

Horarios de conexión telemática:

Horario TELEMÁTICO	LUNS	Horario TELEMÁTICO	MARTES	Horario TELEMÁTICO	MÉRCORES	Horario TELEMÁTICO	XOVES	Horario TELEMÁTICO	VENRES
09:40h- 10:30h	Matemáticas	09:40h- 10:30h	L.C. e L	09:40h- 10:30h	CC.SS	09:40h- 10:40h	Inglés	09:40h- 10:55h	E.F.
10:30h- 11:15h	Matemáticas	10:30h- 11:15h	L.C. e L	10:30h- 11:00h	Inglés	10:40h- 11:00h	Matemáticas	10:55h- 11:15h	L.C. e L
11:15h- 11:45h	Música	11:15h- 11:45h	Tics	11:15h- 12:00h	E.F.	11:00h- 11:20h	L.G. e L	11:15h- 12:15h	CC.NN
11:45h- 12:45h	L.G. e L	11:45h- 12:45h	L.G. e L	12:00h- 12:10h	CC.SS.	12:00h- 13:00h	Titorías alumnado	12:00h- 12:30h	Plástica
12:45h- 13:15h	Descanso	12:30h- 13:00h	Descanso	12:30h- 13:00h	Descanso			12:30h- 13:00h	Descanso
		17:30h- 18:30h	Titorías coas familias			13:00h- 13:50h	Descanso		
						13:50h- 14:20h	Relixión/V.S.C		

- Informarase ás familias dos horarios de conexión e medios usados.
- Realizarase un control da asistencia telemática.
- Atenderase á diversidade e necesidades do alumnado con NEE.
- Realizarase un rexistro das actividades realizadas telematicamente.



CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORETENA

Medidas e medios empregados:

- Exposición de contidos e seguimento das tarefas a través de Edixgal e videoconferencias.
- Comunicación coas familias a través de Abalar móbil.
-

NO CASO DUN GRUPO EN CORETENA

Horarios de conexión telemática:

Horario TELEMÁTICO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:40-10:30 h	Inglés	EF			
10:30-11:15h	LC	LG	LC	LG	LC
11:15-12:00h	MAT	Inglés	MAT	MAT	MAT
12:30-13:30h	LG	CCSS	MÚS	CCNN	PLÁST

- Informarase ás familias dos horarios de conexión e medios usados.
- Realizarase un control da asistencia telemática.
- Atenderase á diversidade e necesidades do alumnado con NEE.
- Realizarase un rexistro das actividades realizadas telematicamente.

CURSO: 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

- A través de E-dixgal manterase o contacto nas materias correspondentes, intercambio de tarefas, instrucións e correccións.
- Ademais, sempre que se poida o alumno/a conectarase por webex.
- Tutoría telefónica se o precisa.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

- Debido ao número elevado de alumnado, nalgunhas materias se farían 2 grupos.
- Conexión por webex no horario asignado a cada grupo.
- Tarefas, instrucións e correccións a través do E-dixgal.

HORARIO XERAL

Horario TELEMÁTICO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<i>9:50 - 10:30</i>	MAT – grupo A	CCSS – grupo A	MAT - todos	MAT – grupo A	MAT – grupo B
<i>10:40 – 11:20</i>	GAL – todos	CCSS – grupo B	CAST - todos	GAL – grupo B	ING – grupo A
<i>11:30 – 12:15</i>	CAST – grupo B	MAT – grupo B	ING – grupo B	CAST – grupo A	L. CONF - todos
<i>12:15 – 13:00</i>	<i>RECREO</i>	<i>RECREO</i>	<i>RECREO</i>	<i>RECREO</i>	<i>RECREO</i>
<i>13:00 – 13:40</i>	MÚSICA	GAL – grupo A	REL / VAL	CCSS – todos	CCSS – grupo B
<i>13:50 – 14:30</i>	EF	ING - todos	CCNN – grupo A	PLÁST – todos	EF

- Informarase ás familias dos horarios de conexión e medios usados.
- Realizarase un control da asistencia telemática.
- Atenderase á diversidade e necesidades do alumnado con NEE.
- Realizarase un rexistro das actividades realizadas telemáticamente.

HORARIO GRUPO A

Horario TELEMÁTICO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:50 - 10:30	MAT	CCSS	MAT	MAT	TRABALLO
10:40 - 11:20	GAL	TRABALLO	CAST	TRABALLO	ING
11:30 - 12:15	TRABALLO	TRABALLO	TRABALLO	CAST	L. CONF
12:15 - 13:00	<i>RECREEO</i>	<i>RECREEO</i>	<i>RECREEO</i>	<i>RECREEO</i>	<i>RECREEO</i>
13:00 - 13:40	MÚSICA	GAL	REL / VAL	CCSS	TRABALLO
13:50 - 14:30	EF	ING	CCNN	PLÁST	EF

HORARIO GRUPO B

Horario TELEMÁTICO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:50 - 10:30	TRABALLO	TRABALLO	MAT - todos	TRABALLO	MAT
10:40 - 11:20	GAL	CCSS – grupo B	CAST - todos	GAL	TRABALLO
11:30 - 12:15	CAST	MAT – grupo B	ING	TRABALLO	L. CONF
12:15 - 13:00	<i>RECREEO</i>	<i>RECREEO</i>	<i>RECREEO</i>	<i>RECREEO</i>	<i>RECREEO</i>
13:00 - 13:40	MÚSICA	TRABALLO	REL / VAL	CCSS	CCSS
13:50 - 14:30	EF	ING	TRABALLO	PLÁST	EF

PT

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

- En coordinación co mestre de cada materia e co titor, levaranse a cabo o apoio según as necesidades do alumnado.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

- En coordinación co mestre de cada materia e co titor, levaranse a cabo o apoio según as necesidades do alumnado.

HORARIO XERAL

Horario TELEMÁTICO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:40-10:30 h	6º PT				5º PT
10:30-11:15h	4º PT	5º PT		6º PT	4º PT
11:15-12:00h		6º PT			
13:00-13:50h					6º PT

- Informarase ás familias dos horarios de conexión e medios usados.
- Realizase un control da asistencia telemática.
- Atenderase á diversidade e necesidades do alumnado con NEE.
- Realizase un rexistro das actividades realizadas telemáticamente.

AL

NO CASO DUN ALUMNO/A EN CORENTENA

Medidas e medios empregados:

En coordinación co titor, a través da facilitación de actividades e materiais diversos, ben pola Aula Virtual, Cisco Webex ou polos medios que utilice o titor ou mestre de materia, respectando a súa planificación.

NO CASO DUN GRUPO EN CORENTENA

- Do mesmo xeito, respectando as dinámicas grupais planificadas polo titor/a e polos mestres que imparten no grupo no que está o alumno con NEAE.

HORARIO XERAL

<i>Horario TELEMÁTICO</i>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:40-10:30 h		6º AL			
13:00-13:50 h		3º AL			
13:50-14:40		5º AL		6º AL	

- Informarase ás familias dos horarios de conexión e medios usados.
- Realizarase un control da asistencia telemática.
- Atenderase á diversidade e necesidades do alumnado con NEE.
- Realizarase un rexistro das actividades realizadas telemáticamente.